

# Informe de situación 2006



seguir consolidando y ampliando los resultados de la fase anterior sino que también suponga una oportunidad para mejorar en la medida de lo posible los resultados de la fase anterior sino que también suponga una oportunidad para mejorar en la medida de lo posible

que no sólo se puede conseguir consolidando y ampliando los resultados de la fase anterior sino

# A comunidade xitana no 2006

## A COMUNIDADE XITANA CAMI- ÑO DA NORMALIZACIÓN ...

**E**s grandes logros dos últimos anos e a importante transformación lograda pola comunidade xitana desde os tempos da Transición non pode ser ocultado pola existencia de certos problemas sociais que aqueixan á comunidade xitana, como a outras persoas e colectivos da nosa sociedade.

Existe unha imaxe secularmente vexatoria da Comunidade Xitana. Ademais, cincocentos anos de lexislación en contra dos xitanos, un ordenamento xurídico pensado para promover a uniformidade que impediu o normal desenvolvemento deste pobo milenario entre nós e o situou entre a asimilación e a marxinalidade.

Nesas condicións, a normalización social desde a diferenza pasou a ser unha rareza.

Despois deses cincocentos anos, levamos pouco máis de vintecinco de recoñecemento da cidadanía e de procura da participación social desde a propia idiosincrasia. Un reto digno dunha sociedade democrática e madura, que a propia comunidade xitana acolleu con entusiasmo.

Os froitos están á vista: Desde 1983, a escolarización no nivel de Ensino Primario pasou do 65% ao 94%. A escolarización no tramo da Secundaria pasou de se practicamente inexistente a un 40%, esta mellora, aínda máis salientable que a anterior, obedece ao comezo máis temperán da Educación Secundaria e á obrigatoriedade da mesma na actualidade, pero supón un cambio

cuantitativo que aínda non foi suficientemente valorado polo conxunto da sociedade. Outro tanto podemos afirmar respecto da Educación Infantil: desde unha presenza totalmente testimonial a un 63% de escolarización pre-obrigatoria, tendo en conta que as habilidades máis importantes para a adquisición de destrezas, actitudes e



contidos educativos se desenvolven durante este período da vida, esta mellora apunta a un cambio radical que se consolidará durante os próximos anos. De feito, en localidades como Vigo a desescolarización en Secundaria Obrigatoria é mínima (menos do 5%) e a das mulleres mellora a dos homes. Este cambio histórico tenderá a consolidarse e a estenderse a outras localidades.

Pero tamén existen outros datos positivos que deben ser salientados. A cobertura sanitaria universalizouse. Así, a atención sanitaria deixou de ser de beneficencia a ser universal. A consulta médica deixou de ser basicamente hospitalaria (o 66,5% en 1983) a ser na actualidade fundamentalmente ambulatoria, as visitas ao médico pasaron de ser ocasionais (o 62% non asistían nunca ao médico en 1983) a ser habituais.

Outra área de normalización é a vivenda, non en toda a comunidade autónoma de Galicia, pero con logros moi importantes en certas localidades: en Santiago de Compostela o chabolismo é un fenómeno erradicado, en Vigo só o 2,5% vive en chabolas, porcentaxe moi similar atopamos na cidade de Pontevedra. Se ben é certo que no conxunto do país o porcentual de poboación xitana aínda ascende a un terzo, cunha redución importante respecto dos primeiros anos 80, pero como un dos retos importantes para esta década.

En canto ó emprego, a chatarra pasou de ser a actividade principal para o 46% da poboación en 1983 a un 28% (datos para as cidades só de Vigo e Pontevedra). A cambio, as actividades comerciais reguladas pasaron do 25% ao 34%. Na actualidade está a producirse un importante incremento nos contratos por conta allea, en empresas de tanto prestixio como Citroën e tan variadas como a hostalería, a loxística, os servizos sociais, a construción ou a limpeza industrial. Este cambio racha a imaxe social

de dependencia das prestacións sociais e apunta a unha ampla participación na vida económica, onde os traballos marxinais tenden a desaparecer e a ocupación normalizada a incrementarse de forma continua.

No nivel cultural tamén se produciron cambios importantes. Incrementouse a afiliación á Igrexa Evanxélica Pentecostal de Filadelfia, cunha marcada preocupación pola formación e a educación; unha nova imaxe da muller xitana que inclúe a diminución de número de fillos, a obtención de permisos de circulación, o estudio (as primeiras diplomadas universitarias de Galicia son dúas mulleres) e mesmo o traballo por conta allea; novas perspectivas para a xente nova desde o ocio á participación social ...

Durante o ano 2006 abrimos un novo período para o benestar da Comunidade Xitana en Galicia, coa aprobación do Plan Integral do Pobo Xitano, un importante instrumento de planificación e de avaliación das políticas sociais e do acceso da poboación xitana aos dereitos de cidadanía. Este plan vai ser integrado como una actuación particular no marco do 2º Plan Galego de Inclusión 2007-2013, reforzando a súa visibilidade e as sinerxías cos servizos normalizados.

Por suposto que seguen existindo realidades de exclusión social moi evidentes, comportamentos moi conservadores en determinadas familias ... pero necesitamos insistir nos elementos positivos da realidade xitana para seguir avanzando: por ben da comunidade e por ben da sociedade.

# A FSG no 2006

**A** FSG puxo en marcha, a partir do ano 2000, dende o marco do Fondo Social Europeo e coa colaboración da Xunta de Galicia e, inicialmente, dos concellos de Pontevedra e Vigo o Programa para o Acceso ó Emprego Acceder.

Paulatinamente a cobertura territorial deste programa foise ampliando, chegando no 2006 a manter abertos catro dispositivos en Galicia: Vigo, Pontevedra, Lugo e Santiago de Compostela.

O obxectivo do programa foi, e continúa a ser, o de impulsar a través de accións centradas no acceso á formación profesional e ao emprego, a inclusión social da poboación xitana e colaborar a que acade as condicións medias de vida das que goza xa a maioría da cidadanía galega. O Programa Operativo Acceder constitúe xa una referencia, non só no ámbito do benestar da poboación xitana senón tamén no ámbito dos itinerarios socio – laborais en Galicia.

A pesar diso, unha boa parte da poboación xitana continúa constituíndo un dos grupos máis vulnerables e con maior risco de exclusión social e económica de Galicia, ademais de ser vítima frecuente de prácticas discriminatorias que impiden o seu acceso a bens e servizos en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns galegos. Por iso, a partir de 2003 a FSG puxo en marcha

diferentes iniciativas de inclusión social, comezando polo programa Kamelamos Guinar, en Santiago de Compostela, programa integrado no observatorio EDDRA da Unión Europea. Con posterioridade desenvolvéronse programas de educación en Lugo, Pontevedra, Porriño, Santiago de Compostela e Vigo, e programas de vivenda en Vigo e Poio.

Durante o ano 2006 tiveron lugar tres fitos que deron un pulo importante ás actividades que a nosa entidade viña desenvolvendo en Galicia. Por unha banda, a continuación das actuacións realizadas ao abeiro do convenio para o desenvolvemento do Programa de Intervención Social ABILLELAR firmado co Concello de Vigo para o período 2005-2006, por outra, a asistencia técnica solicitada por Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a elaboración do Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia así como o Programa LACHO DROM (Itinerarios Formativos para a Inclusión Social da Comunidade Xitana financiado polo programa de rendas mínimas dependente desta mesma vicepresidencia e, xa por último, o convenio firmado coa Obra Social de Caixa Galicia dentro das accións que esta desenvolve no marco da responsabilidade social corporativa para a realización do Proxecto BUTIPEN SAVORENÇA (“Traballo para todos”) no que tamén participa a Dirección Xeral de Fomento de Emprego da Consellería de Traballo.

Daquela, a FSG en Galicia constitúe a día de hoxe unha realidade consolidada, cunha actuación diversificada no territorio e nos ámbitos da inclusión social e do emprego, como consecuencia directa tanto da boa disposición das institucións a colaborar connosco como do bo facer dos equipos de traballo de Galicia.

